

PROTOCOLO DE ACTUACIÓN FRONTE A CATÁSTROFES E FENÓMENOS METEREOLÓGICOS ADVERSOS

INTRODUCCIÓN

Nun contexto de crecente incidencia de fenómenos meteorolóxicos adversos asociados ao cambio climático —como ondas de calor, episodios de frío intenso, choivas torrenciais ou fortes ventos—, faise necesario establecer mecanismos de resposta axeitados no ámbito das relacións laborais.

O artigo 85.1 do Estatuto dos Traballadores establece que: *“Igualmente, a través da negociación colectiva negociaranse protocolos de actuación que recollan medidas de prevención de riscos especificamente referidas á actuación fronte a catástrofes e outros fenómenos meteorolóxicos adversos”*.

Neste senso, o presente Protocolo é froito do consenso entre as organizacións sindicais e empresariais máis representativas de Galicia e ten como finalidade servir de guía orientadora para a incorporación de medidas de actuación fronte a catástrofes e fenómenos meteorolóxicos adversos nos convenios colectivos sectoriais e de empresa.

Aínda que non ten carácter normativo, este documento ofrece un marco común que facilita a negociación colectiva de cláusulas que reforcen a protección da saúde e seguridade das persoas traballadoras e, ao mesmo tempo, garantan a continuidade e adaptación da actividade produtiva ante catástrofes e en condicións meteorolóxicas adversas. O seu valor diferencial radica precisamente no seu carácter consensuado polas persoas que integran o Observatorio Galego de Negociación Colectiva: profesionais con ampla experiencia no ámbito das relacións laborais que fixeron un notable esforzo por chegar a un texto compartido, que conta co beneplácito das representacións de ámbalas dúas partes da relación laboral.

DEFINICIÓNS E TIPOLOXÍA

Catástrofes

Para os efectos do presente protocolo, entenderase por catástrofe todo acontecemento extraordinario, de orixe natural ou tecnolóxica, que pola súa magnitude ou intensidade provoque unha alteración grave das condicións normais de traballo, supoña un risco certo para a saúde e seguridade das persoas traballadoras, ou impida de maneira significativa a continuidade da actividade produtiva. A declaración de catástrofe polas autoridades competentes implicará a activación de medidas excepcionais de prevención, protección, reorganización ou suspensión da actividade laboral previstas neste protocolo.

Entre os exemplos máis relevantes de catástrofes a efectos deste protocolo inclúense:

➡ Terremotos: desastre natural producido por un movemento brusco do terreo que pode ocasionar graves consecuencias en edificios, chegando incluso a ocasionar derrubamentos.

➡ Atentados: causado por unha comunicación dun posible atentado, como pode ser aviso de bomba.

➡ Pandemias: enfermidade que se propaga e afecta durante un tempo a un gran número de persoas nun mesmo territorio.

➡ Derrubamentos: cando unha construción ou edificio perde as súas condicións de estabilidade.

Fenómeno meteorolóxico adverso

Para os efectos do presente protocolo, entenderanse por fenómenos meteorolóxicos adversos aquelas situacións atmosféricas de carácter excepcional que, pola súa intensidade, duración ou localización, xeren riscos significativos para a saúde e seguridade das persoas traballadoras ou afecten de forma relevante ao normal desenvolvemento da actividade laboral. A identificación destes fenómenos realizarase atendendo á información oficial emitida polas autoridades meteorolóxicas competentes.

Entre os fenómenos máis relevantes a efectos deste protocolo inclúense:

➡ Ondas de calor: episodios de temperaturas moi elevadas, especialmente cando se superan os limiares establecidos polas autoridades meteorolóxicas e sanitarias.

➡ Ondas de frío: períodos con temperaturas mínimas anormalmente baixas, con risco de hipotermia ou conxelación.

➡ Precipitacións intensas e inundacións: choivas torrenciais que impiden o acceso aos centros de traballo ou comprometen a seguridade en desprazamentos e operacións ao aire libre.

➡ Fortes ventos ou tormentas: condicións que poden poñer en perigo instalacións, maquinaria ou ás persoas en traballos exteriores ou en altura.

➡ Nevadas intensas: situacións que impiden a mobilidade, a loxística ou o acceso seguro a centros de traballo.

➡ Niveis de alerta: recoméndase seguir as alertas oficiais emitidas por organismos públicos como a Axencia Estatal de Meteoroloxía (AEMET) en España, que clasifican os fenómenos segundo unha escala de cores (amarelo, laranxa, vermello), facilitando a adopción de medidas graduadas e proporcionais.

Nivel amarelo: o perigo é baixo, pero os bens e a poboación vulnerables ou en zonas expostas ao fenómeno meteorolóxico adverso poderían sufrir algúns impactos.

Nivel laranxa: o perigo é importante. Os bens e a poboación vulnerable ou en zonas expostas poderían sufrir impactos graves.

Nivel vermello: o perigo é extraordinario. Os bens e a poboación vulnerables ou en zonas expostas poderían sufrir impactos moi graves ou catastróficos.

PRINCIPIOS REITORES

O presente protocolo inspírase nun conxunto de principios que deben guiar tanto a súa interpretación como a súa futura incorporación á negociación colectiva:

➡ **Prevención e anticipación:** A actuación fronte aos fenómenos meteorolóxicos adversos e catástrofes debe anticiparse, sempre que sexa posible, mediante a planificación e a avaliación dos riscos específicos de cada sector ou posto de traballo.

➡ **Protección da saúde e seguridade:** Debe garantirse a protección integral das persoas traballadoras, como prioridade absoluta.

➡ **Integridade das instalacións e continuidade da actividade:** As actuacións preventivas e de resposta deben contemplar tamén a protección dos bens materiais, instalacións e medios de produción, co fin de minimizar o impacto económico e garantir a pronta recuperación da actividade.

➡ **Proporcionalidade e adecuación sectorial:** As medidas a adoptar deben ser proporcionadas á gravidade do fenómeno e adecuadas á realidade concreta de cada actividade ou centro de traballo.

➡ **Negociación:** As decisións deben basearse no acordo entre as partes, fomentando a cultura do diálogo entre os axentes sociais e entre as empresas e a representación legal das persoas traballadoras como ferramenta esencial para a adaptación do traballo ás novas realidades climáticas.

MEDIDAS PREVENTIVAS

A prevención constitúe a primeira liña de actuación fronte aos fenómenos meteorolóxicos adversos. Por iso, recoméndase incorporar aos convenios colectivos medidas que permitan anticiparse ás situacións de risco e reducir o seu impacto tanto sobre as persoas como sobre a organización produtiva.

Entre as principais medidas preventivas que poden valorar negociar as empresas e a representación legal das persoas traballadoras destacan:

➡ **Planificación da actividade laboral:** Adaptación anticipada da programación do traballo segundo a previsión meteorolóxica, especialmente nas actividades ao aire libre ou expostas aos elementos climáticos. Así mesmo deberá terse en conta o posible risco de catástrofe.

➡ **Avaliación de riscos meteorolóxicos:** Inclusión de criterios meteorolóxicos nos procedementos de avaliación de riscos laborais, tendo en conta a localización, tipoloxía de tarefas e colectivos especialmente sensibles. Avaliar tamén potenciais riscos de catástrofes.

➡ **Información e formación específica:** Establecemento de mecanismos de comunicación clara e accesible sobre os riscos.

➡ **Protocolos internos de prevención:** Elaboración de procedementos internos que especifiquen actuacións en fase de prealerta, como revisión de instalacións, reforzo de estruturas, activación de sistemas de drenaxe ou ventilación, e medidas para a protección de maquinaria e materiais.

➡ **Consulta e participación:** Impulso da participación das representacións legais das persoas traballadoras na elaboración e revisión destas medidas, garantindo a súa adecuación e eficacia.

MEDIDAS DE ACTUACIÓN

Unha vez declarado un fenómeno meteorolóxico adverso ou catástrofe por parte das autoridades competentes ou detectado un risco inminente para a saúde das persoas traballadoras ou a integridade das instalacións, deberán activarse medidas inmediatas que minimicen o impacto e garantan a seguridade.

Estas medidas poden ser incorporadas aos convenios colectivos como cláusulas flexibles, adaptables ao tipo de actividade, ao lugar de prestación e ao nivel de alerta meteorolóxica. As máis habituais inclúen:

➡ **Modificación ou reorganización da xornada laboral:** Posibilidade de adiantar, atrasar ou reducir a duración da xornada para evitar os tramos de maior risco térmico ou meteorolóxico. Isto resulta especialmente relevante ante ondas de calor ou frío extremo.

➡ **Teletraballo ou prestación alternativa do servizo:** Establecemento da posibilidade de traballar remotamente cando a natureza da actividade o permita e existan medios dispoñibles.

➡ **Suspensión temporal da actividade:** Paralización puntual do traballo en determinadas zonas, instalacións ou postos cando as condicións meteorolóxicas supoñan un risco grave, de acordo cos criterios establecidos pola avaliación de riscos.

➡ **Protección individual e colectiva:** Subministración de equipos de protección adecuados (vestimenta, hidratación, zonas de sombra, calefacción móbil, etc.) e instalación de medios físicos que mitiguen o impacto dos fenómenos climáticos (carpas, toldos, etc.)

➡ **Limitación de tarefas de risco:** Suspensión de actividades especialmente perigosas, como traballos en altura, manexo de maquinaria ao aire libre ou uso de produtos químicos sensibles a cambios de temperatura, durante episodios adversos.

➡ **Activación de plans de emerxencia e evacuación:** En casos de risco severo, seguir os procedementos previstos nos plans de emerxencia internos, incluíndo a evacuación segura de persoal e o peche temporal de instalacións se fose necesario.

Estas medidas deberán ser aplicadas garantindo sempre a información previa á representación legal das persoas traballadoras e a súa coordinación co servizo de prevención e demais responsables de seguridade laboral.

PROCEDIMIENTO DE ACTIVACIÓN DO PROTOCOLO

Para garantir unha resposta rápida e coordinada ante a aparición ou previsión de fenómenos meteorolóxicos adversos, débese establecer un procedemento claro e transparente para a activación do presente protocolo.

➡ **Responsables de activación:** A responsabilidade da activación do presente protocolo corresponde en exclusiva á dirección da empresa, como órgano encargado da adopción de decisións organizativas e preventivas. A representación legal das persoas traballadoras, poderán informar sobre a existencia de circunstancias meteorolóxicas adversas que, aconsellen a activación do protocolo. A empresa deberá valorar dita información e manterá un procedemento de consulta co Comité de Empresa, co fin de garantir unha valoración conxunta das condicións de risco, agás que a situación requira dunha intervención inmediata. Todo elo sen prexuízo dos supostos de risco grave e inminente previstos legalmente.

➡ **Niveis de activación:**

O protocolo debe establecer diferentes niveis de resposta:

- *Fenómeno meteorolóxico adverso:* niveis amarelo, laranxa, vermello.
- *Catástrofe:* activación inmediata, priorizando protección e evacuación, sen necesidade de alerta oficial.

➡ **Comunicación:**

Unha vez activado o protocolo, debe comunicarse de forma inmediata e clara a todas as persoas traballadoras e ás súas representacións, empregando os canais habituais de comunicación interna.

➡ **Coordinación interdepartamental:**

A activación debe implicar a coordinación entre os diferentes departamentos e servizos da empresa (seguridade, recursos humanos, produción, etc.) para garantir a correcta aplicación das medidas.

➡ **Seguimento e revisión:**

Durante o período de activación, realizaranse seguimentos continuos para avaliar a eficacia das medidas e adaptar as actuacións segundo a evolución do fenómeno meteorolóxico ou catástrofe.

SEGUIMIENTO E REVISIÓN

Para garantir a eficacia e actualización continua do protocolo, establécense as seguintes recomendacións:

➡ **Evaluación periódica:**

Realizar unha análise anual dos resultados derivados da aplicación do protocolo, recollendo información sobre incidencias, problemas detectados e boas prácticas implementadas, cando proceda.

➡ **Revisión tras episodios extremos:**

Despois de cada episodio meteorolóxico adverso significativo, efectuar unha revisión específica para identificar leccións aprendidas e propostas de mellora.

➡ **Participación das partes:**

Involucrar á representación legal das persoas traballadoras e representacións empresariais no proceso de avaliación e actualización do protocolo, favorecendo o diálogo social e o consenso continuado.

➡ **Actualización do protocolo:**

Adaptar o documento ás novas evidencias científicas, tecnolóxicas e normativas, así como ás particularidades sectoriais e empresariais que poidan xurdir.

CLÁUSULAS TIPO PARA A NEGOCIACIÓN COLECTIVA

Para facilitar a incorporación das medidas contempladas neste protocolo, así como dos permisos retribuídos regulados no estatuto dos traballadores, nos convenios colectivos sectoriais e de empresa, propoñen cláusulas modelo que poden adaptarse segundo as características específicas de cada sector ou entidade.

Cláusula tipo 1: **Obxecto**

Establecer un protocolo de actuación fronte a fenómenos meteorolóxicos adversos e catástrofes que garanta a protección da saúde e seguridade das persoas traballadoras, así como dos bens e instalacións, promovendo a continuidade da actividade produtiva en condicións extremas.

Cláusula 2: **Avaliación e prevención**

Incorporar nos procedementos internos a avaliación dos riscos asociados aos fenómenos meteorolóxicos adversos e catástrofes, establecendo medidas preventivas específicas e protocolos de actuación segundo o nivel de alerta.

Cláusula 3: **Medidas de adaptación da xornada e do lugar de traballo**

Permitir a adaptación da xornada laboral e a modificación temporal do lugar de prestación do servizo (teletraballo no caso de que a actividade o permita e se dispoña de medios, cambios de quenda, etc.) e aplicar medidas de flexibilidade empresarial, como a distribución irregular do tempo de traballo cando as condicións meteorolóxicas e catástrofes o xustifiquen, garantindo a seguridade e saúde das persoas traballadoras.

Estas medidas deberán ser obxecto de acordo previo coa representación legal das persoas traballadoras, garantindo en todo momento a seguridade e saúde das persoas afectadas.

Cláusula 4: **Formación**

A empresa impartirá formación inicial e periódica sobre riscos por fenómenos extremos (calor, frío, tormentas...) e catástrofes así como os protocolos de actuación.

Cláusula 5: Protección e recursos

Garantir a dispoñibilidade de medios e equipamentos necesarios para protexer ás persoas traballadoras e os bens materiais durante episodios meteorolóxicos adversos, incluíndo equipamentos de protección individual e medidas colectivas.

Cláusula 6: Procedemento de activación

Establecer un procedemento claro para a activación do protocolo, baseado nas alertas oficiais e detección de catástrofes así como na coordinación entre dirección, representación legal e servizo de prevención.

Cláusula 7: Seguimento e revisión

As partes asinantes comprométese a revisar anualmente a aplicación do protocolo e a súa eficacia, incorporando, no seu caso, propostas de mellora e adaptación ás novas condicións meteorolóxicas, tecnolóxicas ou normativas.

Cláusula 8: Comunicación interna e difusión do protocolo

A empresa comprométese a establecer mecanismos eficaces de comunicación interna que permitan informar con axilidade ás persoas traballadoras sobre:

- As alertas meteorolóxicas oficiais relevantes para a actividade.*
- A activación ou desactivación das medidas previstas no protocolo.*
- As instrucións operativas e medidas de seguridade que deban seguirse.*
- A difusión farase polos medios habituais de comunicación interna (correo electrónico, aplicacións corporativas, taboleiros informativos, mensaxería, etc.)*

Así mesmo, facilitarase información e formación básica sobre o contido do protocolo ás persoas traballadoras e ás súas representacións.